



CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro núm. 1.
36995. Poio (Pontevedra).

Ref. M/C

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, NÚMERO CINCOCENTAS OITO REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E SETE DE XANEIRO DE DOUS MIL QUINCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e corenta minutos do vinte e sete de xaneiro de dous mil quince, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Xulio Barreiro Lubián, Xose L. Martínez Blanco, Lidia Salgueiro Piñeiro, Margarita Caldas Moreira, Silvia Díaz Iglesias, Jose A. Lodeiro Cancela, Gregorio L. Agís Gómez, Consuelo Besada Lores, Angel Moldes Martínez, Celeste Nieto García, Juan Jose Rodríguez Grandal, Alberto Villaverde Méndez e Manuel Domínguez Álvarez . Escusa a non asistencia a Interventora Municipal D^a. Olga Fernández Rodríguez. Asiste como secretaria xeral do Concello, Paula E. Ramos Díaz. Reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

4048.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 30 DE DECEMBRO DE 2015, NÚM. 507.- De conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo Sr. Alcalde dáse conta aos membros corporativos da acta da sesión plenaria realizada o 30 de decembro de 2014, núm. 507 e non formulándose observación ningunha á mesma esta queda aprobada por unanimidade dos membros presentes.

4049- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Dáse conta do estado de execución dos asuntos precedentes e que son as que seguen: “4043.- RATIFICACIÓN DECRETO DA ALCALDÍA DE DATA 04/12/2014, RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO POR “VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, SA”.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Servizo de Contratación; 4044.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE APOIO Á COMERCIALIZACIÓN DE PROXIMIDADE.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e á Consellería do Medio Rural e do Mar; 4045.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A CREACION DUNHA TARIFA ELÉCTRICA GALEGA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á Vicepresidencia e Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e Consellería de Economía e Industria; 4046.- PATRIMONIO, ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE DE DETERMINACIÓN DE CALIFICACIÓN XURÍDICA DE TRAMO EXISTENTE EN CMÑO. TARRÍO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse aos interesados no expediente; 4047.- RATIFICACIÓN DECRETO DA ALCALDÍA DE DATA 23/12/2014, RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO POR “CESPA COMPAÑÍA ESPAÑOLA DE SERVICIOS PÚBLICOS AUXILIARES, SA”.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Servizo de Contratación.”.

Toma a palabra a Secretaria presente na sesión e en relación ao asunto 4043 da conta aos asistentes que o Tribunal Central de Recursos Contractuais emitiu resolución estimando o recurso interposto por Valoriza Servicios Medioambientales, SA contra a adxudicación do Contrato de Xestión do Servizo Publico de Residuos Sólidos Urbanos efectuada polo Pleno con data 25 de novembro de 2014.

Así mesmo, comenta aos asistentes que o día 5 de febreiro de 2015 e a instancia do Instituto Xeográfico Nacional realizárase no Concello a reunión da Comisión de deslindamento do Concello de Poio, Pontevedra, Meis e Barro.

A Corporación dáse por enterada.

Neste momento entra no Salón de sesións o Concelleiro D. Javier Dominguez Lino.

4050.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta das resolucións da alcaldía e que estiveron a disposición dos membros corporativos xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día; a Corporación dáse por enterada.

Neste momento entra no Salón de sesións a Concelleira D. Alicia Martinez Gonzalez

4051.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 2/2015, SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON BAIXAS NOUTRAS APLICACIÓNS.- Dáse conta do expediente tramitado pola Intervención Municipal que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 19 de xaneiro de 2015 e que di o que segue: “Dáse conta da Proposta da Alcaldía de data 14 de xaneiro de 2015, Memoria e Providencia da Alcaldía de data 13 de xaneiro de 2015 e do informe da interventora municipal de data 15 de febreiro de 2015.

A interventora municipal explica o contido do expediente manifestando que se propón para a súa aprobación unha modificación de presuposto mediante suplemento de crédito por importe de 272.494,56€ xa que as aplicacións onde se pretende dotar crédito non presentan dotación orzamentaria suficiente no orzamento do exercicio 2015.

A motivación do expediente procede da existencia dunha serie de facturas rexistradas nos meses de xuño, xullo, agosto, setembro, outubro e novembro correspondentes ao exercicio 2014 que carecen de crédito no Orzamento do exercicio 2015 sen reducir as disponibilidades orzamentarias deste exercicio.

Ante a necesidade de dotar crédito para os gastos que se mencionan na Memoria da Alcaldía para os cales non existe crédito suficiente e adecuado co fin de levar a cabo o cumprimento de compromisos adoptados se propón: Primeiro: levantar o reparo emitido pola Intervención municipal con relación á modificación orzamentaria nº 2/2015 en canto ás facturas emitidas por un importe total de 272.494,56 €, que se pretenden aprobar coa realización da modificación orzamentaria mediante suplemento de crédito financiado con baixas. Segundo: proceder a aprobar a modificación orzamentaria nº 2/2015, mediante suplemento de crédito financiado con baixas noutras aplicacións, nos conceptos e contías que figuran na Memoria da Alcaldía por importe total de 272.494,56€. Terceiro: que se someta ao trámite de información pública a aprobación do expediente de modificación orzamentaria tal como se establece na lexislación aplicable. Cuarto: unha vez aprobada definitivamente a modificación orzamentaria que se propón, publicada no Boletín Oficial da Provincia tal como corresponde a aprobación definitiva, se proceda á aprobación, a maior brevidade posible, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, das facturas que forman parte da relación nº 3 obrante no expediente, por importe total de 272.494,56€, unha vez o Pleno levante o informe de reparo emitido con relación as mesmas o entender que, coa modificación orzamentaria que se propón, existe crédito suficiente e adecuado para proceder a súa aprobación.

A Comisión por 4 votos do B.N.G. ningunha abstención e 3 votos en contra do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación, segundo a Proposta da Alcaldía.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación somete a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas o que por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención o que queda aprobado adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Levantar o reparo emitido pola Intervención municipal con relación á modificación orzamentaria nº 2/2015 en canto ás facturas emitidas por un importe total de 272.494,56 €, que se pretenden aprobar coa realización da modificación orzamentaria mediante suplemento de crédito financiado con baixas.

Segundo: Proceder a aprobar a modificación orzamentaria nº 2/2015, mediante suplemento de crédito financiado con baixas noutras aplicacións, nos conceptos e contías que figuran na Memoria da Alcaldía por importe total

de 272.494,56€.

Terceiro: Someter o expediente ao trámite de información pública a aprobación do expediente de modificación orzamentaria tal como se establece na lexislación aplicable.

Cuarto: Unha vez aprobada definitivamente a modificación orzamentaria que se propón, publicada no Boletín Oficial da Provincia tal como corresponde a aprobación definitiva, se proceda á aprobación, a maior brevidade posible, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, das facturas que forman parte da relación nº 3 obrante no expediente, por importe total de 272.494,56€.

4052.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 3/2015, CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON BAIXAS NOUTRAS APLICACIÓN.- Dáse conta do expediente tramitado pola Intervención Municipal que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 19 de xaneiro de 2015 e que di o que segue: “Dáse conta da Proposta da Alcaldía de data 14 de xaneiro de 2015, da Memoria e Providencia da Alcaldía de data 13 de xaneiro de 2015 e do informe da interventora municipal de data 14 de xaneiro de 2015.

A interventora municipal explica o contido do expediente manifestando que se propón para a súa aprobación unha modificación orzamentaria nº 3/2015, mediante de crédito extraordinario financiado con baixas noutras aplicacións, derivado da existencia de gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, para o que non existe crédito no Orzamento do exercicio 2015 segundo queda xustificado na Memoria que se xunta ó presente expediente de data 13 de xaneiro de 2015.

A motivación do expediente procede da existencia dunha serie de facturas rexistradas nos meses de setembro, outubro e novembro correspondentes ao exercicio 2014, pendentes de recoñecemento, que carecen de crédito no Orzamento do exercicio 2015, que ascenden o importe total de 5.174,83 euros.

Ante a necesidade de dotar crédito para os gastos que se mencionan na Memoria da Alcaldía para os cales non existe crédito suficiente e adecuado co fin de levar a cabo o cumprimento de compromisos se propón:” Primeiro: levantar o reparo emitido pola interventora municipal con relación á modificación orzamentaria nº 3/2015 en canto ás facturas emitidas por importe total de 5.174,83 euros que se pretenden aprobar coa realización da mencionada modificación orzamentaria mediante crédito extraordinario financiado con baixas. Segundo: proceder a aprobar a modificación orzamentaria nº 3/2015, mediante crédito extraordinario financiado con baixas noutras aplicacións, nos conceptos e contías que figuran na Memoria da Alcaldía por importe total de 5.174,83€. Terceiro: que se someta ao trámite de información pública a aprobación do expediente de modificación orzamentaria tal como se establece na lexislación aplicable.Cuarto: unha vez aprobada definitivamente a modificación orzamentaria que se propón, publicada no Boletín Oficial da Provincia tal como corresponde a aprobación definitiva, se proceda á aprobación, a maior brevidade posible, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, das facturas que forman parte da relación nº 2 obrante no expediente, por importe total de 5.173,83€, unha vez o Pleno levante o informe de reparo emitido con relación as mesmas o entender que, coa modificación orzamentaria que se propón, existe crédito suficiente e adecuado para proceder a súa aprobación.

A Comisión por 4 votos do B.N.G., ningunha abstención en 3 votos en contra do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación, segundo a Proposta da Alcaldía.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación somete a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas o que, por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención, queda aprobado adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Levantar o reparo emitido pola interventora municipal con relación á modificación orzamentaria nº 3/2015 en canto ás facturas emitidas por importe total de 5.174,83 euros que se pretenden aprobar coa realización da mencionada modificación orzamentaria mediante crédito extraordinario financiado con baixas.

Segundo: Proceder a aprobar a modificación orzamentaria nº 3/2015, mediante crédito extraordinario financiado con baixas noutras aplicacións, nos conceptos e contías que figuran na Memoria da Alcaldía por importe total de 5.174,83€.

Terceiro: Someter ao trámite de información pública a aprobación do expediente de modificación orzamentaria tal como se establece na lexislación aplicable.

Cuarto: Unha vez aprobada definitivamente a modificación orzamentaria que se propón, publicada no Boletín Oficial da Provincia tal como corresponde a aprobación definitiva, se proceda á aprobación, a maior brevidade posible, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, das facturas que forman parte da relación nº 2 obrante no expediente, por importe total de 5.173,83€.

4053.- MOCIÓN DO BNG PARA REALIZAR ACTIVIDADES QUE PROMOVAN O COÑECEMENTO DA OBRA E DO COMPROMISO DE ROSALÍA DE CASTRO, A COMEZAR POLA SÚA DEFENSA DO GALEGO.- Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego sometida á consideración da Comisión Informativa de Cultura, Educación e Deporte na súa sesión realizada o 14 de xaneiro de 2015 emitíndose o seguinte ditame: “O 24 de febreiro de 2015 cúmprense 178 anos do nacemento de Rosalía de Castro, un día e un mes en que é preciso traballar, como o resto do ano mais de xeito máis intenso e planificado, para difundir unha obra e un pensamento con forte vixencia na actualidade e que pode contribuir a recuperar o orgullo de quen somos e o recoñecemento da nosa lingua como expresión xenuína do pobo galego. Rosalía é unha escritora culta, feminista e comprometida co noso país, coas clases populares e cos sinais de identidade da Galiza, entre os que se conta o galego, hoxe especialmente ameazado.

Rosalía de Castro é non só a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas senón a que marcou o camiño a seguir, a súa obra iniciou o proceso de recuperación de usos do galego co obxectivo de lle devolver a dignidade da que fora despois. A publicación do seu libro Cantares Gallegos, o primeiro escrito integramente no noso idioma, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento. A recuperación literaria e lingüística da Galiza ten unha enorme débeda coa súa obra, que rompe coa marxinalidade do galego e desafia a sociedade do seu tempo a través dun discurso de defensa da terra, da súa xente e dunha lingua que merece continuar a ser transmitida de xeración en xeración e ser utilizada en todos os ámbitos para contribuir, desde a súa especificidade, ao saber universal que tamén posúe a obra rosaliana.

Nuns tempos en que os datos obxectivos indican un alarmante descenso no uso do galego, a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeracións máis novas, pois nos seus textos achamos procedementos e argumentos para fomentar a utilización da nosa lingua, achegarse á nosa idiosincrasia e comprender a nosa identidade cultural. Cómpre, pois, aproveitar a reivindicación desta data para estendela a un mes de febreiro de firme e inequívoco compromiso co idioma, sumando todos os esforzos posibles para continuar o camiño iniciado por ela para que o galego se convirte na lingua na que expresar todos os nosos sentimentos e emocións, na que desenvolver toda a nosa actividade profesional, na que facer chegar o noso contributo á cultura universal.

Por todo isto, e seguindo as directrices dunha convocatoria xa consolidada pola Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG), tras declarar, o 24 de febreiro Día de Rosalía, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da corporación municipal a adopción dos seguintes acordos

Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen a veciñanza do noso concello ao longo do mes de febreiro.

Apoiar todas as iniciativas mobilizacións que se desenvolvan ao longo do mes de febreiro para reivindicar o futuro do noso idioma e a activación de medidas a prol do seu uso en todos os ámbitos.

Solicitar da Xunta de Galiza unha mudanza na política lingüística desenvolvida até o momento, retomar o consenso e promover, nun prazo máximo de seis meses, mudanzas lexislativas substanciais guiadas pola activación de políticas lingüísticas a prol do galego.

Despois da lectura da mesma, non habendo deliberacións, a Presidenta somete a votación a moción que é aprobada con catro votos a favor (BNG) e dúas abstencións (PP) para o seu tratamento polo Pleno da Corporación.”

Toma a palabra a Concelleira Delegada de Cultura e explica aos asistentes que no ano 2010 instaurouse o día 24 de febreiro como do Día de Rosalía, no que se impulsa a figura clave do rexurdimento para os usos do galego. Ademais os informes do Instituto Galego de Estatística recollen unha situación preocupante no uso do galego, que baixa

13 puntos a poboación falante de galego. Por iso pedimos un cambio nas políticas lingüísticas do goberno galego na que se fomente e promocióne o galego.

Dende o Concello de Poio fomentaremos o uso así como impulsárase a figura de Rosalía coa realización de actividades en coordinación coas distintas concellerías.

A Voceira do Grupo Municipal Socialista manifesta que van apoiar a favor xa que están totalmente de acordo cos termos da moción así como que se impulsen políticas para a difusión do galego xa que os informes mostran datos preocupantes.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Educación e Deporte o que queda aprobado polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen a veciñanza do noso concello ao longo do mes de febreiro.

Segundo: Apoiar todas as iniciativas mobilizacións que se desenvolvan ao longo do mes de febreiro para reivindicar o futuro do noso idioma e a activación de medidas a prol do seu uso en todos os ámbitos.

Terceiro: Solicitar da Xunta de Galiza unha mudanza na política lingüística desenvolvida até o momento, retomar o consenso e promover, nun prazo máximo de seis meses, mudanzas legislativas substanciais guiadas pola activación de políticas lingüísticas a prol do galego.

4054.- INTERVENCIÓN, INFORME 4º TRIMESTRE/2014, RELATIVO AO CUMPRIMENTO DA LEI 15/2010, DO 5 DE XULLO, DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE.- Sometida a votación a inclusión do presente acordo na Orde do Día por non ser ditaminada previamente por comisión informativa ningunha este queda aprobada polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros.

A continuación pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente formado pola Intervención Municipal e do informe conxunto emitido con data 21 de xaneiro de 2015 pola Intervención Municipal e polo Tesoureiro Municipal correspondente ao cuarto trimestre do 2014 e en cumprimento da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de medidas contra a morosidade e cumprido o trámite da súa remisión ao Ministerio de Economía e Facenda a través da plataforma con data 20 de xaneiro de 2015.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación dáse por enterada do trámite realizado.

MOCIÓN URXENTES.- Preséntanse as seguintes:

4055.- DAR CONTA DO ACORDO DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES EN RELACIÓN AO RECOÑECIMENTO DA LABOR NO DEPORTE LOCAL DE JUAN LÓPEZ SÁNCHEZ.- Previa declaración de urxencia polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros dáse conta do acordo adoptado polo Consello Municipal de Deportes na sesión realizada o día 14 de xaneiro de 2015 e que di o que segue: “1. Homenaxear á figura de Juan López Sánchez mediante un recoñecemento a súa laboura no eido deportiva municipal, a cal se levará a cabo nun acto organizado pola Concellería de Deportes. No mesmo procederáse á entrega dunha placa conmemorativa. 2. Cambiar a denominación do Torneo Fútbol -8 que pasará a denominarse “Torneo de fútbol-8 Juan López Sánchez. Concello de Poio.”,

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación dáse por enterada.

4056.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE POIO, PARA O FOMENTO DA MOBILIDADE SOSTIBLE E O DESENVOLVEMENTO DE INFRAESTRUTURAS CICLISTAS.- Previa declaración de urxencia polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros dáse conta da moción suscrita polo Voceiro do Grupo Municipal Popular e presentada no Rexistro Xeral con data 16 de xaneiro de 2015 número 140 na que tras unha ampla exposición de motivos remata solicitando do Pleno da Corporación

a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Instar ás distintas administracións, ao concello de Poio, á Deputación de Pontevedra, á Xunta de Galicia e ó Goberno do Estado a impulsar un modelo de mobilidade alternativa e sostible, con especial énfase na mobilidade en bicicleta e en concreto a implantación de ciclovías ou “carrís bici” nas distintas vías das que sexan titulares.

2º.- urxir ás devanditas administracións a adaptar os vieiros da súa titularidade ó tránsito peonil, ciclístico e compartido, en particular á administración local por ser a titular dos vieiros máis susceptibles de dita adaptación.

3º.- Apremar tamén ás distintas administracións a adoptar medidas consistentes cun concepto sostible da mobilidade, especialmente planos de estacionamento disuasorio, utilización compartida de vehículos e outras iniciativas tendentes a mellorar a sostibilidade, seguridade e humanización dos desprazamentos.

Consta no expediente ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo adoptado con data 27 de xaneiro de 2015.

Toma a palabra o Voceiro do Grupo Municipal Popular explicando o contido da moción que se divide fundamentalmente en tres partes: implicación das distintas administracións, resolver os problemas de sinistralidade e falecemento e fomentar o uso dos carrís bici, con ocasión da redacción do PXOM e habilitación de zonas.

Así mesmo, manifesta a sorpresa que lle xenera esta moción ao equipo de goberno porque somos conscientes que este concello apoia eventos e iniciativas doutros concellos.

O Sr. Barreiro Lubián explica que a moción non sorprende, o que si é que a presentedes vós.

Evidentemente nas grandes cidades pódese contemplar os carrís bici como alternativa ao vehículo pero en Poio así como noutras localidades de Galicia, pola oreografía, é inviable.

Así mesmo, é inviable a instauración destes carrís cando nin se poden ampliar as beirarrúas.

Pensamos que se trata dunha moción vaga, porque si fálade de instaurar un modelo. Pero non se menciona en que zonas, deberías concretar en que zonas.

Ainda así apoiaremos a moción.

A Sra. Besada Lores di que a moción xa se tratou na comisión de urbanismo, están a favor pero ao mesmo tempo tamén solicitamos que se aclare en que zonas se deben instaurar estes carrís bici.

Tras unha nova ronda de intervencións na que se reiteran os argumentos esgrimidos polos distintos grupos, sométese a votación a moción presentada a que queda aprobado polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Instar ás distintas administracións, ao concello de Poio, á Deputación de Pontevedra, á Xunta de Galicia e ó Goberno do Estado a impulsar un modelo de mobilidade alternativa e sostible, con especial énfase na mobilidade en bicicleta e en concreto a implantación de ciclovías ou “carrís bici” nas distintas vías das que sexan titulares.

Segundo.- Urxir ás devanditas administracións a adaptar os vieiros da súa titularidade ó tránsito peonil, ciclístico e compartido, en particular á administración local por ser a titular dos vieiros máis susceptibles de dita adaptación.

Terceiro.- Apremar tamén ás distintas administracións a adoptar medidas consistentes cun concepto sostible da mobilidade, especialmente planos de estacionamento disuasorio, utilización compartida de vehículos e outras iniciativas tendentes a mellorar a sostibilidade, seguridade e humanización dos desprazamentos.

4057.- RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 23 DE XANEIRO DE 2015 EN RELACIÓN Á INCOACIÓN EXPEDIENTE DE CADUCIDADE OUTORGADA POR ORDE MINISTERIAL DE

DATA 13/06/1958 DE OCUPACIÓN DE 612.500M/2 DE BENS DE DPMT CON DESTINO Á CONSTRUCCIÓN DUNHA FÁBRICA DE PASTA DE CELULOSA KRAFT.- Previa declaración de urxencia polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros dáse conta da resolución da alcaldía de data 23 de xaneiro de 2015, sometida á consideración da Comisión Informativa de Urbanismo na sesión realizada de data 27 de xaneiro de 2015 e que di textualmente: “Con data 23 de xaneiro de 2015 elévase á consideración desta Alcaldía a proposta do Concelleiro Delegado en materia de Urbanismo que se transcribe a seguir: “Con data 7 de xaneiro de 2015, número rexistro 43, ten entrada comunicación da Xefa provincial do servizo de costas de Pontevedra do 29 de decembro do 2014, polo que se outorga trámite de audiencia e vista no procedemento polo que se incoa expediente de caducidade da concesión outorgada por Orde Ministerial (O.M.) de data 13/06/1958, ao “INSTITUTO NACIONAL DE INDUSTRIA” (INI) de ocupación de 612.500 m2 de bens do DPMT con destino á construción dunha fábrica de pasta de celulosa Kraft na zona marítimo-terrestre a rechear, abranguida entre o ferrocarril de Pontevedra a Marín e a estrada de unión dos portos de Pontevedra e Marín, transferida por O.M. De 6/05/1959 á “EMPRESA NACIONAL DE CELULOSA DE PONTEVEDRA, S.A.” e por O.M. de 28/07/1970 á “EMPRESA NACIONAL DE CELULOSA,S.A.” (ENCE).

Como asunto de interese común para os concellos limítrofes, o presente escrito de alegacións, materializa os principios de colaboración interadministrativa previstos no art. 4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no art. 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local, asumindo así os antecedentes de feito e consideracións xurídicas realizadas no informe emitido polo director xeral da área de urbanismo e servizos xerais do Concello de Pontevedra, de data 23 de xaneiro de 2015 que se reproducen de seguido:

“ ...Dito procedemento trae causa da resolución da Dirección xeral de sostibilidade da costa e do mar do Ministerio de agricultura, alimentación e medio ambiente de 15 de outubro de 2014, pola que se ordeaba ao servizo provincial de costas de Pontevedra a incoación de expediente de caducidade da concesión referida na cabeceira, nos termos establecidos na sentenza da Audiencia Nacional do 19/05/2011-confirmada pola sentenza do Tribunal Supremo do 11/07/2014- polas que se condenaba á Administración do Estado á incoación de expediente de caducidade da amentada concesión, ademais da adopción das medidas legalmente previstas para a paralización das actividades e suspensión do uso e explotación das instalacións.

A incoación inicial do expediente susténtase basicamente nos seguintes motivos:

a) Alteración da finalidade do título concesional (artigo 79.1.d) da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas e artigo 165, d) do seu Regulamento xeral aprobado por Real decreto 876/2014, do 10 de outubro), por mor de que se veñen desenvolvendo no perímetro da concesión actividades diferentes ao obxecto da mesma.

b) Incumprimento da condición 8ª do título concesional, relativo á prohibición de alugar ou destinar os terreos obxecto da concesión a fins distintos dos outorgados, (letral do artigo 79.1 da lei de costas e 165.1 l) do seu Regulamento), por canto no re -1 cinto se sitúan, sen título habilitante, unha estación depuradora de augas residuais (EDAR) e unhas instalacións deportivas.

2º Con posterioridade, a Subdirección xeral de dominio público marítimo terrestre, dependente do Ministerio de agricultura, alimentación e medio ambiente, constata a existencia doutros feitos que puideran ser constitutivos de causas de caducidade consonte aos citados artigos 79 da Lei de costas e 165 do seu Regulamento xeral, en relación coa condición 12ª da Orde ministerial de 13 de xuño do 1958, que dispón que “El incumplimiento por el concesionario de cualquiera de las condiciones anteriores será causa de caducidad de la concesión”, polo que se acorda ampliar as causas de caducidade nos seguintes termos:

a) Alteración da finalidade do título concesional, (Art. 79.1.d) da Lei de costas e 165.d) do Regulamento): pola instalación e funcionamento no recinto concesional da EDAR de Placeres e do emisario submarino construído para conducir os vertidos ur - banos de Pontevedra, Poio e Marín e os industriais do “Grupo empresarial ENCE”, ademais dunhas instalacións deportivas, ás que se engade:

- Planta de coxeneración de enerxía eléctrica de biomasa
- Emisario submarino (actual)
- Edificio para comedor do persoal
- Planta de tratamento de augas residuais (primitiva)

b) Incumprimento doutras condicións cuxa observancia esté expresamente sancionada coa caducidade do título correspondente, (Art. 79.1.1) da Lei de costas e 165.1) do Regulamento en relación coa condición 8ª do título concesional), ampliando os posibles incumprimentos en relación coa obriga de adopción de medidas para reducir a toxicidade das augas residuais ata os “límites que permitan la vida del marisco y de la pesca y con la adopción del as precauciones necesarias para evitar malos olores, humos, polvo, gases tóxicos y cuantas circunstancias puedan ser molestas para el vecindario y nocivas para la salud”.

Faise referencia no escrito de ampliación, e a este respecto, ás balsas de decantación 1, 2, 3 e 4, toda vez que unha vez construída a planta de tratamento de efluentes, autorizada por Orde ministerial de 31 de xaneiro do 2003, quedaron en desuso, permanecendo na actualidade as referidas instalacións sen que, por parte de ENCE, “exista un plan de recuperación idóneo ya que el proyecto de “Recuperación de terrenos de balsas 1, 2, 3 y 4” que ENCE presentó nunca fue aprobado por la Administración”.

Así as cousas, e dentro do prazo outorgado ao efecto, efectúanse para constancia no trámite de audiencia conferido as seguintes alegacións:

1º Acreditación da concorrencia de incumprimentos das condicións da concesión cuxa non observancia se sanciona con caducidade no título Comezando polo segundo dos motivos da incoación, estímase acreditada a concorrencia de incumprimentos das condicións por parte da concesionaria cuxa inobservancia se sanciona coa caducidade dos títulos consonte ao determinado nos invocados artigos 79.1. 1) da Lei de Costas e 165.1. 1) do Regulamento, en relación ao disposto na condición 8ª do título concesional que, textualmente, e de xeito imperativo sinala:

“(…)El concesionario adoptará a sus expensas todas las medidas que se le imponga para reducir la toxicidad de las aguas residuales hasta los límites que permitan la vida del marisco y de la pesca”.

“El concesionario quedará obligado a adoptar todas las precauciones necesarias para evitar malos olores, humos, polvo, gases tóxicos y cuantas circunstancias puedan ser molestas para el vecindario y nocivas para la salud (…)”.

É palmario e indiscutible que a fábrica de pasta ten xerado e xera -tamén hoxe en día- efectos altamente prexudiciais ao medio ambiente atmosférico, acústico e mariñoda contorna.

Os efectos negativos medioambientais son de patente incidencia supramunicipal, pois os padecen tódolos concellos limítrofes e, en xeral, tódolos da ría e da bisbarra.

Xa no intre da tramitación da concesión, a mediados do século pasado, foron advertidos nas alegacións e informes das autoridades de Marina e Dirección General de Pesca Marítima e recentemente, a título exemplificativo, lembramos os últimos episodios producidos os días 11 e 17 de agosto do 2013 que provocaron alarma na poboación por saída de gases.

Cómpre patentizar o incumprimento da condición transcrita, e para acreditar irrefutablemente ou resumir os múltiples episodios de malos olores, emisión de gases tóxicos ou molestias para a veciñanza e nocivas para a saúde, así como vertidos que provocaron a toxicidade das augas con afeccións ao marisqueo, procede lembrar e acudir, a xeito de corolario, aos feitos probados da sentenza da Audiencia provincial 5/11/2002, sección 4ª, que condenaba ao complexo fabril, nas persoas de varios dos seus directivos, por delito ecolóxico do 347 bis do Código Penal do 1973 -por

contaminación atmosférica e hídrica-, por danos do artigo 563 -manifestados nos efectos corrosivos sobre elementos metálicos na vivendas próximas e na non culminación dos ciclos produtivos- así como por faltas contra as persoas do artigo 582 do Código Penal do 1995 provocadas por episodios de fugas de gases tóxicos, ademais de acordar a correspondente indemnización ao Estado e, no seu caso, ás consellerías de ordenación do territorio e pesca e marisqueo, con destino á recuperación ambiental da contorna da ría de Pontevedra.

No relato de feitos probados da referida sentenza, e tras lembrar que xa no expediente previo á concesión, a Autoridade da Marina “subrayó los gravísimos perjuicios que se derivarían del funcionamiento de la Factoría, para la riqueza marisquera (...)”, decláranse probados múltiples incumprimentos das condicións da concesión, determinantes da súa caducidade por terse producido contaminación atmosférica e hídrica sancionada, xa non en vía administrativa, senón, polo seu plus de antixuridicidade, na vía penal, con infracción do estipulado no condicionado da concesión.

...

2º.- Acreditación do desenvolvemento no perímetro da concesión de actividades diferentes ao obxecto da mesma con incumprimento da condición 8ª e alteración da finalidade do título (artigo 79.1 Lei de costas).

Ademais das instalacións deportivas e da EDAR de Placeres -de titularidade autonómica e á que nos referiremos logo- xunto coas que se citan no escrito de incoación -planta de coxeneración de enerxía eléctrica de biomasa, emisario submarino (actual), edificio para comedor do persoal ou a planta de tratamento de augas residuais (primitiva)-, cómpre referirmos a todas as obras, instalacións e cambios no proceso produtivo que se describen no proxecto sectorial de incidencia supramunicipal que fora aprobado polo acordo do Consello da Xunta do 26/12/2002, na documentación achegada aos trámites de avaliación ambiental integrada, ademais das diferentes licenzas municipais obrantes nos arquivos do Concello, de cuxos acordos se remite relación, xunto con outros expedientes, como o DU 6/2004, incoado por presunta infracción urbanística pola construción dunha nova planta de tratamento de efluentes nos terreos obxecto de concesión.

Baste comparar a descrición do estado actual que figura na memoria e nos planos do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal co proxecto que serviu de base á concesión outorgada, para determinar a concorrencia non só de supostos de alteración da finalidade concesional senón mesmo do previsible aumento da superficie construída, volume ou altura máxima en máis dun 10 por 100 sobre o proxecto autorizado, artigo 79.1 d), i e l) da Lei de costas.

Todo isto, sen prexuízo de lembrar tamén que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, -a raíz da estimación polo Tribunal Supremo en sentenza do 26 de abril do 2012, do recurso de casación 1913/2011, interposto por este Concello-, ditaou sentenza o 2/10/2012, pola que, determinou:

“Que estimando en parte el recurso contencioso-administrativo interpuesto por el Concello de Pontevedra contra el Decreto del Consello da Xunta de 26-12-2002, que aprueba definitivamente el proxecto sectorial para el asentamiento industrial de Lourizán promovido por “Ence”, y los demás particulares que refiere en sus 4 puntos, y los actos correlativos que se dicten en ejecución o sobre sus bases, declaramos la nulidad en cuanto incluye una fábrica de papel tisú a la que hace extensiva la exención de licencia y otros actos de control preventivo municipal, así como la vinculación de PGOU de Pontevedra y la obligatoriedad de su adaptación al proxecto sectorial también en cuanto a dicha fábrica de papel tisú, declarándose, asimismo, la ineficacia del proxecto en tanto no se procede a la publicación de contenido normativo en el DOGA y a su anulación en cuanto no cumplimente los informes sectoriales de Costas, Ferrocarriles, Carreteras, RAMINP y Patrimonio Histórico(...)”

Lembramos que o proxecto sectorial para o asentamento industrial en Lourizán (DOG 13/01/2004), que non contou cos informes e títulos habilitantes en materia de costas, fora declarado de incidencia supra-municipal por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 18/07/03 e que a execución da sentenza referida interesouse polo Concello xa en data 13/02/2013 e procedeuse á súa reiteración recentemente. Entre outras previsións, proxectábase unha fábrica de papel tisú nos “terreos ocupados actualmente polas balsas de aireación do tratamento biolóxico dos efluentes da fábrica de pasta, máis concretamente na zona actualmente ocupada polas tres lagoas de aireación e o cuarto cubeto para decantación(...)”.

Non é moito o esforzo probatorio ou esexético de comparar o estado actual que reza nos referidos documentos técnicos e sucesivos títulos habilitantes autonómicos e municipais co proxecto que no seu día foi obxecto de concesión, para concluír a concorrencia das causas de caducidade polas que se está a incoar o procedemento. No proxecto redactado po IDASA refírese, por exemplo, o cambio tecnolóxico realizado as instalacións e mesmo as obras mellora que incorporan novos materiais construtivos, deseños, pavimentos dos viais, beirarrúas, xardíns, alumado etc.

En todo caso, cómpre lembrar que é a esa administración estatal, con competencias en materia de dominio público marítimo terrestre, e non a este Concello, á que lle corresponde decidir, de xeito regrado, sobre a procedencia, ou non, da declaración da caducidade do título concesional, debendo imperativamente declárala, previa audiencia á interesada, de concorrer as causas taxadas na lei, no regulamento e no título concesional.

Cómpre lembrar que, aínda que a planta de tratamento de efluentes foi autorizada pola Dirección General de Costas (DGC) o 31/01/2003 ao abeiro do artigo 77.3 da Lei de costas, logo de cualificala como modificación non substancial da concesión, -o que sería discutible se o sumamos ao resto de variacións introducidas (art.162 do Regulamento)- xa ao ano seguinte, en concreto o 11/05/2004, a DGC, na tramitación da solicitude do grupo empresarial para levar a cabo o proxecto denominado “Recuperación de terrenos de las balsas 1, 2, 3 y 4. Fábrica de ENCE Pontevedra” - e logo de relatar que se estaba a tramitar de xeito simultáneo unha declaración de innecesiedade dos terreos ocupados polas concesións e que o expediente de revisión do canon concesional, incoado por resolución do 7/06/1999, atopábase paralizado-, cualificase pola DGC a nova solicitude de ENCE SA como “una modificación sustancial de la misma”, (refírese á concesión), polo que ordenaba ao Servizo periférico de Pontevedra a incoación de expedientes de modificación das concesións das que é titular ENCE por Orde Ministerial de 28 de xullo do 1970.

Así as cousas, esa Administración ten constatado unha alteración substancial do título concesional inicial e ao non constar aprobada unha nova modificación da concesión, procede declarar a caducidade, ao abeiro do amentado artigo 79 da Lei de costas.

Lémbrase que, consonte ao artigo 162, in fine ,do vixente Regulamento de costas:

“(…)Se considerará, en todo caso, modificación sustancial, el aumento en más de un 10 por ciento del volumen o superficie sobre lo reconocido en el título otorgado, ya sea alcanzado este porcentaje en una o más actuaciones, así como el cambio de uso para el que se le otorgó dicho título”.

Este Concello, nas alegacións e informe municipal respecto da amentada solicitude do “GRUPO ENCE” de declaración de innecesiedade dos terreos que ocupa a súa concesión para o dominio público marítimo terrestre, -finalmente denegada por resolución da DGC de do 28/12/2006- e no expediente tramitado para a posible ampliación da zona de servizo do porto para integrar ao complexo industrial, sinalaba que o “GRUPO ENCE” ocupa terreos dos que se cualifican como “demanio público artificial”, isto é, as porcións do dominio público marítimo terrestre consecuencia da realización de obras e actuacións sobre o solo e subsolo por acción antropoxénica e, polo tanto, non susceptibles de desafectación, e así o estimou esa Administración logo do informe da Abogacía del Estado do 25/10/2003, no que concluía que “los terrenos ganados al mar como consecuencia directa o indirecta de obras, y los desecados en su ribera son bienes de dominio público marítimo-terrestre legalmente insusceptibles de desafectación merced al mecanismo descrito en el artículo 18 de la Lei 22/1988, de 28 de julio, de costas”.

Os terreos que hoxe ocupa o complexo industrial de ENCE en Lourizán foron gañados ó mar mediante recheos, de modo tal que orixinariamente conformaban a ría de Pontevedra e están dotados de absoluta indesafectabilidade.

A Lei de Costas veta, prohibe e imposibilita a súa desafectación de xeito absoluto, taxativo e incondicional, e máis concretamente a posibilidade de adquisición polos particulares para formar parte do seu patrimonio, tal e como se alegou polo Concello e recoñeceu a Administración estatal competente en materia de costas.

Lembramos que o punto IV da Exposición de Motivos da Lei de Costas advirte que:

“Se ha considerado conveniente eliminar la posibilidad de adquirir la propiedad de los terrenos ganados al mar o de cualquier otra porción del dominio público como consecuencia de la realización de obras, ya que estas actuaciones

proporcionan frecuentemente cobertura a operaciones de especulación inmobiliaria, y en todo caso, van en detrimento del dominio público”.

...

4º.- Non constancia de acordo aprobatorio da transferencia da concesión, no proceso de privatización da empresa concesionaria, con posible infracción da condición 8ª do título e do artigo 70.2 da lei de costas na redacción anterior á lei 2/2013, do 29 de maio.

Tal e como ilustra o punto I da exposición de motivos da Lei de Costas, entre os factores que contribúen á desnaturalización de porcións de dominio público atópase o recoñecemento da propiedade particular e, por ende, a privatización de feito que supuxeron determinadas concesións, co resultado de que certas extensións da ribeira do mar queden substraídas de forma definitiva ao goce da comunidade.

É por iso que cómpre verificar a concorrencia de modificacións substanciais da finalidade da concesión con infracción dos principios reitores da lexislación de costas e do título concesional, xa que, a non declaración de caducidade, de concorreren motivos, podería supor que se consagre a privatización de feito, que supuxo a concesión primeiro e a transmisión posterior da titularidade pública da concesión no seu día outorgada.

Neste senso, non consta autorización da transferencia da concesión, cando se produce o proceso de venda de ENCE a capital privado, tal e como aconteceu cando se transferiu por O.M. de 6/05/1959 do INI á “EMPRESA NACIONAL DE CELULOSA DE PONTEVEDRA, S.A.” e por O.M. de data 28/07/1970 á “EMPRESA NACIONAL DE CELULOSA,S.A.” con posible infracción da cláusula 8ª do título que impide mesmo alugar o terreo ou destinalo a outros fins distintos dos expresados, en relación coa cláusula 12ª e os artigos 70.2 na súa redacción orixinaria e art. 79 da Lei de Costas.

Lémbrese que o art. 70.2 orixinario da Lei de costas prohibía a transmisión “inter vivos” das concesión, e na actualidade esixe que a administración recoñeza, con carácter previo, o cumprimento polo adquirente das condicións establecidas na concesión.

A protección do dominio público marítimo-terrestre abrangue a defensa da súa integridade e dos fins de uso xeral aos que está destinado, a preservación das súas características e elementos naturais e a prevención das prexudiciais consecuencias de obras e instalacións, en definitiva “(...)La protección y utilización del demanio costero pretende acabar, con el doble fenómeno de destrucción y privatización del litoral”.

Cómpre atender aos obxectivos da actuación administrativa na materia expresados no art. 2 da Lei de Costas isto é :

“La actuación administrativa sobre el dominio público marítimo-terrestre perseguirá los siguientes fines:

a) Determinar el dominio público marítimo-terrestre y asegurar su integridad y adecuada conservación, adoptando, en su caso, las medidas de protección y restauración necesarias y cuando proceda, de adaptación, teniendo en cuenta los efectos del cambio climático.

b) Garantizar el uso público del mar, de su ribera y del resto del dominio público marítimo-terrestre, sin más excepciones que las derivadas de razones de interés público debidamente justificadas.

c) Regular la utilización racional de estos bienes en términos acordes con su naturaleza, sus fines y con el respeto al paisaje, al medio ambiente y al patrimonio histórico.

d) Conseguir y mantener un adecuado nivel de calidad de las aguas y de la ribera del mar”.

A disposición transitoria 5ª.2 da referida Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, establece que no prazo de dous anos, e previamente á inscrición, no seu caso, no correspondente rexistro, a Administración do Estado revisará as

características e o cumprimento das condicións das concesións vixentes á promulgación desta, precepto aplicable á que nos ocupa. As concesións poderán ser revogadas total ou parcialmente, ademais de polas causas previstas no título correspondente, cando resulten incompatibéis cos criterios de ocupación do dominio público establecidos na referida Lei.

O devandito precepto declarouse constitucional segundo a interpretación do fundamento xurídico 8 da sentenza do Tribunal Constitucional 149/1991 de 4 de xullo, sen que o transcurso do prazo de dous anos teña relevancia para soste a consolidación da concesión, xa que o referido prazo constitúe un mandato dirixido á Admón. do Estado cuxo incumprimento non priva a aquela de exercer as potestades relativas a adecuar as antigas concesións ós novos criterios de utilización do dominio público establecidos na Lei de Costas, tal e como ven sostendo a xurisprudencia do Tribunal Supremo (Vgrcía. sentenza TS de 17/03/03)....”

En atención ás consideracións realizadas, elévase á consideración do Pleno a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Formular, diante do Servizo provincial de costas de Pontevedra da Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, como Concello directamente afectado, as alegacións que se refiren no corpo do presente escrito, para constancia no trámite de audiencia e vista do procedemento incoado -e posteriormente ampliado- pola concorrencia de causas de caducidade da concesión outorgada ao “Instituto Nacional de Industria”por O.M. de data 13 de xuño do 1958, de ocupación de 612.500 m2 de bens do DPMT con destino á construción dunha fábrica de pasta de Celulosa KRAFT, na zona marítimo-terrestre a rechar, abranguida entre o ferrocarril de Pontevedra a Marín e a estrada de unión dos portos de Pontevedra e Marín, posteriormente transferida por O.M. de 6/05/1959 á “EMPRESA NACIONAL DE CELULOSA DE PONTEVEDRA, S.A.” e por O.M. de data 28/07/1970 á “EMPRESA NACIONAL DE CELULOSA,S.A.”, estimando a concorrencia das causas relatadas de caducidade da concesión.”

Tendo en conta que o prazo o establecido no artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común para a formulación de alegacións, por parte deste Concello como parte interesada no procedemento remata o vindeiro 24 de xaneiro de 2015, esta Alcaldía por razón de urxencia en virtude das competencias atribuídas polo artigo 21.1.) k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local ACORDA:

Primeiro: Asumir o contido da proposta efectuada de data 23 de xaneiro de 2015 e formular, diante do Servizo provincial de costas de Pontevedra da Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, como Concello directamente afectado, as alegacións que se refiren no corpo do presente escrito, para constancia no trámite de audiencia e vista do procedemento incoado -e posteriormente ampliado- pola concorrencia de causas de caducidade da concesión outorgada ao “Instituto Nacional de Industria”por O.M. de data 13 de xuño do 1958, de ocupación de 612.500 m2 de bens do DPMT con destino á construción dunha fábrica de pasta de Celulosa KRAFT, na zona marítimo-terrestre a rechar, abranguida entre o ferrocarril de Pontevedra a Marín e a estrada de unión dos portos de Pontevedra e Marín, posteriormente transferida por O.M. de 6/05/1959 á “EMPRESA NACIONAL DE CELULOSA DE PONTEVEDRA, S.A.” e por O.M. de data 28/07/1970 á “EMPRESA NACIONAL DE CELULOSA,S.A.”, estimando a concorrencia das causas relatadas de caducidade da concesión

Segundo: Remitir a presente Resolución ao Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente-Servizo Provincial de Costas.

Terceiro: Dar conta da presente resolución á Comisión Informativa de Urbanismo e ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice, para os efectos da súa ratificación.”.

Toma a palabra o Sr. Barreiro Lubián explica que unha vez recibido con data 07 de xaneiro de 2015 o escrito do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente no que se establece un prazo de 15 días para alegar sobre a caducidade da concesión da planta de celulosas en Lourizán e o Concello de Poio dentro deste prazo presentou o venres o escrito de alegacións que se fundamenta basicamente nas seguintes cuestións: No ano 2018 remata a concesión

dos 50 anos e nos o que queremos e solicitamos e que non se renove e existen motivos para que isto suceda: 1º.- a concesión é para unha planta de papel pero nas instalacións ubícanse outros equipamentos como poden ser instalacións deportivas e 2º.- incumprimento das sentenzas en relación á toxicidade das augas xa que se trata dunha industria contaminante (problemática no sector marisqueiro, exportación de produtos provintes da nosa ría así como o incumprimento da lexislación dos parques naturais coa Illa de Tambo).

Ence é coñecedora do remate da concesión no ano 2018 e nos pedimos que non se renove xa que estamos para velar polos intereses públicos e non polos intereses privados dunha empresa.

Toma a palabra a Voceira do Grupo Municipal Socialista e comenta aos asistentes que a instalación de Ence é un detrimento para a nosa ría. Nos cremos que é o momento para que se traslade a fábrica para outro sitio e non implica a destrución de emprego soamente implica mobilidade laboral e non pasa o mesmo co sector marisqueiro, que non se pode trasladar, iso si que implica unha destrución de emprego ademais tamén prexudica a calificación de Tambo dentro das Illas Atlánticas polo gran nivel de contaminación.

Nos pretendemos que non se renove esta concesión e que estes terreos repercutan no interese público coa creación de espazos libres.

Toma a palabra o Voceiro do Grupo Municipal Popular di que neste caso tamén se debería de utilizar a expresión vaga cando se pide por parte de Pontevedra a retirada de Ence, de solicitarse, deberíase buscar unha alternativa, unha nova ubicación porque se trata dun motor para a economía.

Cremos que non todos os problemas de contaminación da ría se deben a Ence cremos que os resultados dan positivos noutro tipo de contaminates (coliformes) facéndose imprescindible a instalación dunha depuradora, por iso, non apoiamos as alegacións realizadas porque non se dá unha alternativa.

O Sr. Barreiro Lubián di que a proposta é clarísima non queremos que celulosas siga ahí, non cremos que sexa un motor da economía non se pode comparar con outros como pode ser Citroen.

O problema da contaminación da ría é o mercurio producidos por Ence e non os coliformes. O problema de buscar ubicación é de Ence, non noso, teñen que abandonar o entorno e deixar os terreos saneados.

Toma a palabra o Concelleiro de Medio Ambiente o Sr. Agís Gómez explica que coa ubicación de celulosas créanse varias problemáticas, problemas na saúde (respiratorios), problemas na imaxe turística dos concellos da ría xa que se ven agravados pola panorámica así como toda a masa forestal dos nosos montes está condicionada por celulosas.

Somos conscientes que hai intereses para que non se mova a súa ubicación e creáronse estratexias ao seu favor.

O Sr. Martínez Blanco di que é unha aberración que se medie polos intereses das empresas privadas porque a parte de Celulosas hai moitas máis empresas así como que o PP de Poio medie polos empregos de Celulosa cando fixo todo o posible para que Froiz se instalara noutro concello.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifesta que na actualidade a ubicación de celulosas é un lastre para Poio e a Ría de Pontevedra, tanto pola contaminación, medioambiental como polo turismo. No momento que desapareza do entorno ninguén se acordará como pasou con TAFISA.

E por outra parte todos sabemos quen é o culpable de que Froiz non se ubique na Fragamoreira.

Unha vez rematado a quenda de intervencións sométese a votación a ratificación da Resolución da alcaldía de data 23 de xaneiro de 2015 a que queda aprobada por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra do PP (no mesmo sentido da comisión informativa) e ningunha abstención, presouse aprobación á ratificación do Decreto de Alcaldía de 23 de xaneiro de 2015 e así:

Primeiro: Asumir o contido da proposta efectuada de data 23 de xaneiro de 2015 e formular, diante do Servizo provincial de costas de Pontevedra da Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, como Concello directamente afectado, as alegacións que se refiren no corpo do presente escrito, para constancia no trámite de audiencia e vista do procedemento incoado -e posteriormente ampliado- pola concorrencia de causas de caducidade da concesión outorgada ao “Instituto Nacional de Industria” por

O.M. de data 13 de xuño do 1958, de ocupación de 612.500 m² de bens do DPMT con destino á construción dunha fábrica de pasta de Celulosa KRAFT, na zona marítimo-terrestre a rechear, abranguida entre o ferrocarril de Pontevedra a Marín e a estrada de unión dos portos de Pontevedra e Marín, posteriormente transferida por O.M. de 6/05/1959 á “EMPRESA NACIONAL DE CELULOSA DE PONTEVEDRA, S.A.” e por O.M. de data 28/07/1970 á “EMPRESA NACIONAL DE CELULOSA,S.A.”, estimando a concorrencia das causas relatadas de caducidade da concesión

Segundo: Remitir o presente acordo ao Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente-Servizo Provincial de Costas.

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓN.- Non se presentan.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e quince minutos, o alcalde levantou a sesión estendéndose a presente acta da que como secretaria xeral dou fe.